

Héctor Álvarez Arias

Director do Departamento de Obras, Instalacións e Infraestruturas

Arquitecto pola Universidade da Coruña, Especialista en Dereito Urbanístico e Mestrado en Prevención de Riscos Laborais pola Universidade de Vigo.

O inicio da carreira profesional desenvolveuse como arquitecto autónomo.

Dende o 2008 ao 2010 foi xerente de Urbanismo do Concello de Cuenca.

No 2010 incorporouse á Universidade de Vigo como Director do Departamento de Obras, Instalacións e Infraestruturas onde, entre outras funcións, encárgase da planificación das novas infraestruturas, coordinar e supervisar a actividade da Unidade Técnica e do desenvolvemento de diversos contratos de obras, subministración e servizos, dende o establecemento de prescricións técnicas ata o control da execución.

María del Carmen Echevarría Figueroa

Xefa do Gabinete de Prensa

Diplomada en Estudos Avanzados (DEA) en Comunicación Audiovisual, Publicidade e Relacións Públicas. Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo e Licenciada en Ciencias da Información pola Universidad Complutense de Madrid.

Dende xaneiro de 1993 a maio de 2007 traballou como redactora e locutora de Radio Vigo, Cadena Ser.

En xuño do 2007 incorporouse como Xefa do Gabinete de Prensa da Universidade de Vigo tendo como principais actividades e responsabilidades a organización e dirección do Gabinete de Prensa da Universidade de Vigo e do Diario Dixital da Universidade de Vigo, Duvi, a redacción e publicación de noticias diarias no Duvi, a elaboración de dossier de prensa e a atención a medios de comunicación e aos membros da comunidade universitaria.